

Co fermoso nome de *Galicia Invisible* refírese Antonio Reigosa (Zorñán, Mondoñedo, 1958) á Galicia máxica, á lendaria, á que non se ve pero que aínda perdura no imaxinario cultural e popular, nos contos e nas lendas que dende hai séculos foron sobrevivindo e amenizando as horas de lecer de milleiros de persoas. Unha Galicia chea de cidades asolagadas; de illas, montes e covas que aparecen e desaparecen de xeito misterioso e, tamén, de personaxes extraños e marabílllosos que nelas habitan.

Víxamos neste álbum, caracterizado polo ton carente de artificios e a presenza dunha escrita coloquial, por cidades desaparecidas –trinta e cinco nas historias contadas máis un cento en total de termos en conta a relación de cidades que pecha o libro– as máis das veces por causa do castigo imposto por non se acomodar á norma imposta por algún ser.


Trátase esta dunha lectura de lendas coa

car-
ga mi-
tolóxica
inherente
mais non por isto afasta-
da da nosa realidade.
Na memoria colectiva
do pobo galego reco-
ñécense estes lugares e
os personaxes, algúns
pagáns outros relixio-
sos, polo que dunha ma-
neira fantástica se acre-
dita no narrado e os que

Visible invisible

Arredor do “outro” país

PAULA FERNÁNDEZ



lemos en-
tendemos
que a vila de
Alcaíán fíca-
se anegada
por lles encir-
rar os cans a
San Pedro e a
Xesús Cristo,
ou que a cida-
de de Roma
fose tamén en-
gulida pola au-
ga ao se negar
a filla do rei a
casar cun coxo
que gañara a
súa man.

Non faltan no ma-
pa desta Galicia Invisi-
ble lugares case que vi-
sibles para nós polo rei-
terativo da súa presenza
nas nosas mentes. O
monte Medulio é un bo
exemplo destes, nin-
guén coñece con certa-
za a súa ubicación, mais
a sona dos galegos que
decidiron morrer alí an-
tes que ser sometidos
aos invasores esténdese

por todo o país.

Serven estes relatos
para nos explicar a ori-
xe dalgúns lugares, a
súa desaparición ou
mesmo para coñecer-
mos a idiosincrasia dos
habitantes, sempre recu-
bertos do ton misterioso
que leva aparelado o
descoñecido.

Reigosa coñece este
mundo en que os ani-
mais falaban á perfec-
ción pois son moitas as
obras que lles ten adica-
do, polo que a seriedade
e a boa técnica na
escrita –respectando o
xeito popular– están ga-
rantidos, e desta volta
súmaselle a man plásti-
ca de Noemí López (Lugo,
1974) cun conse-
gue reflectir o espírito
das lendas e dos seus
protagonistas co seu es-
tilo inconfundible, cheo
tamén de maxia e miste-
rio, de formas arredon-
dadas que suxiren suaves
movementos e xo-
gos de tons que parten
do ocre e do verde.

Propónse aquí, alén
dunha boa lectura, unha
viaxe diferente, pero
realment atractiva e
sempre na procura do
que non hai. Ou si hai?
*REIGOSA, Antonio, Guía
ilustrada da Galicia
invisible (Ilustr. Noemí
López), Ed. Xerais, Vigo,
2010, PVP 26 €*